



ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 26 DE OUTUBRO DE 2022

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen

Presedo Garazo, Antonio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Pérez Rodríguez, Fco. Javier

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Uña Álvarez, Elena de

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía

González Jorge, David

Martiñá Álvarez, María

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

A reunión realizarase de xeito virtual por correo electrónico, coa participación dos membros que se citan á marxe o mércores 26 de outubro ás 12,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da Acta correspondente á sesión ordinaria do 16 de setembro de 2022.
2. Aprobación, se procede, da proposta de tribunal do Premio Extraordinario de Grao correspondente ao Curso 2021/22, que quedaría composto do seguinte xeito:
Presidenta: Prof. Susana Reboreda Morillo.
Secretaria: Prof. M^a Beatriz Comendador Rey.
Vogal: Prof. Julio Prada Rodríguez.
3. Aprobación, se procede, do cambio de horario das materias Mentalidade, Identidade e Cambio Social (pasa a impartirse os xoves de 10 a 12 horas) e Historia Medieval de Galicia (pasa a impartirse os xoves de 9 a 10 horas) a petición do alumnado e profesorado implicado.

A xuntanza realizase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a sfho@uvigo.es de acordo co seguinte procedemento:

Os membros da Xunta de Facultade disporán dun máximo de dúas horas (entre as 12:00 e as 14:00 horas do día 26 de outubro de 2022) para pronunciarse sobre os catro puntos da orde do día.

a) Se o voto é favorable ás propostas contidas na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE a totalidade das proposta contidas na orde do día").

b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco), deberase concretar con precisión o sentido do voto con relación a cada un dos apartados.

c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco.

Tralo peche do período para a votación se informará aos membros da Xunta de Facultade se se alcanzou o quórum preciso e do resultado das votacións. Se non se alcanzase quórum, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros da Comisión, así como da ineficacia de todo o actuado.



Rematado o prazo de votación da Xunta de Facultade, emitiron o seu voto 16 membros da citada Xunta e todos os votos foron favorables ás propostas recollidas nos puntos da orde do día.

Remata a sesión ás 14,00 h do día 26 de outubro de 2022, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro